

Artigo 6º.-Nivel de protección e medidas de seguridade.

O nivel dos ficheiros creados por esta orde atópanse clasificados atendendo o disposto no artigo 80º do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 17, do 19 de xaneiro de 2008). No anexo aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) dos ficheiros creados baixo esta orde.

O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a súa confidencialidade, e os dereitos e obrigas recoñecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Disposición adicional

No caso de cesións dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas haberá que aterse, ademais, ao disposto na normativa vixente sobre materia estatística.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2010.

Mª del Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO**Ficheiros de nova creación responsabilidade da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde**

Nome e descrición do ficheiro	Registro Galego de Enfermos Renais
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Recoller a información das persoas que sigan tratamento por insuficiencia renal crónica na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido na Orde do 7 de febreiro de 1995 pola que se crea o Registro de Enfermos Renais de Galicia. Proporcionar os datos epidemiolóxicos e asistenciais necesarios para a planificación eficaz da atención á insuficiencia renal crónica terminal
Órgano responsable do ficheiro	Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.
Persoas e colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulte obrigado subministrálos	Persoas que sigan tratamento por insuficiencia renal crónica na Comunidade Autónoma de Galicia.
Servizos ou unidades ante os cales poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Consellería de Sanidade ou calquera dos centros/unidades dependentes desta, así como o Servizo Galego de Saúde ou calquera dos centros/unidades dependentes deste así como as distintas fundacións públicas sanitarias adscritas á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde.
Nivel do ficheiro	Alto.
Procedencia e procedemento de recollida de datos	A través de formularios de solicitude, tanto impresos como por vía telemática. Transmisión electrónica/informática/telemática de datos.
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, NIF/DNI/Nº pasaporte/tarxeta de identificación de estranxeiro, enderezo, teléfono, CIP, número da seguridade social, NASI, NHC. Datos especialmente protexidos: saúde. Datos de características persoais: datos de familia, data/lugar de nacemento, características físicas ou antropométricas, sexo, idade, datos de conduta e antecedentes persoais e familiares psiquiátricos. Datos de circunstancias sociais: características de aloxamento/vivenda, afeccións e estilo de vida, situación familiar de convivencia e situacións de risco social.
Sistema de tratamento	Mixto

Comunicacións ou cesións de datos	Centro de diálise de Vilagarcía. Diaverum Renal Service Group. (Vilagarcía de Arousa) Centro de hemodiálise Os Carballos. <i>Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo</i> . (Vigo) <i>Instituto policlínico Santa Teresa S.A.</i> (A Coruña) <i>Sanatorio Souto Boo, S.L.</i> (Santiago de Compostela) <i>Fundación del Santo Hospital de Caridad.</i> <i>Hospital General Juan Cardona</i> (Ferrol) <i>B. Braun Aritum Galicia, S.L.</i> (Delegación Lugo e Monforte) <i>Instituto Médico Quirúrgico San Rafael, S.A.</i> (A Coruña). <i>Hospital POVISA, S.A.</i> (Vigo) <i>Instituto policlínico La Rosaleda, S.A.</i> (Santiago de Compostela). Outros centros que prestan tratamentos renais substitutivos na Comunidade Autónoma galega.
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Rexistro Europeo da EDTA: <i>European Renal Association-European Dialysis and Transplant Association</i> .

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para o mantemento e a promoción de actividades e programas na área de servizos sociais comunitarios e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 15, do luns 24 de xaneiro de 2011, cómpre efectuar a seguinte corrección:

-Na páxina 1.368 no anexo I na Lexislación aplicable onde di: «Orde do 30 de decembro de 2011...»; debe dicir: «Orde do 30 de decembro de 2010...».

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 28 de decembro de 2010 pola que se aproban as axudas que rexerán a convocatoria de bolsas de apoio á formación en tarefas de investigación de titulados superiores no Centro de Investigación Forestal de Lourizán e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

Advertido erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 2, do martes 4 de xaneiro de 2011, é preciso publicar as seguintes correccións:

Na páxina 178, no Dispoño: Artigo 2º.1. no segundo parágrafo, hai que engadir ,despois do punto, o seguinte: «A duración das bolsas poderá ser prorrogada en función das dispoñibilidades orzamentarias.»

2. Na páxina 182, no Dispoño: Artigo 14º.3 a) onde di: «no prazo de trinta días antes da data en que se cumpran as dúas primeiras anualidades de desfrute da axuda...», debe dicir: «No prazo de trinta días antes da data de finalización da axuda...»